

AS DUAS AMIGAS¹



Para a Piruca

Ben sei que âs nenas gústanvos os contos de *encantos*; mais os encantos teñen cáseque sempre unha aparencia que abraza e unha realidade que, en conocéndoa, é a cousa mais sinxela da vida.

Esto pasaba antre duas amiguiñas; Ádega e Carmeliña.

Carmeliña tiña un *encanto*, dicía ela, que lle daba colares, pulseiras, vestidos e ata larpeiradas. Ádega endexamais podía disfruitare de aqueles lilalos, de aquelas lambetadas; porque a súa nai, que era probe, non podía depararllas; e Ádega, que era amiga de Carmeliña, tíñalle por aquela diferenca, por aquel privilexio, un pouquichiño de envexa.

Carmeliña estrenaba un vestido

—¡Qué vestido lindo trás! —Dícialle Ádega—
¿mercoucho a tua nai?

—Non; a miña nai é tan probe como a tua;
tróuxomo o meu *encanto*, reprecaba ela rindo.

¹ Conto infantil inédito dedicado a súa filla Adela Carré, á que se refire na dedicatoria cun apelativo íntimo e afectivo.

—¿E cómo é o teu encanto? —Perguntoulle unha vez Ádega— ¡Se eu poidera tér outro encanto que me dera cousas! —Sospirou.

—Podes —díxolle Carmeliña—; é a cousa mais doada. Eu cando quero algo, voume para casa, estoume un anaco atenta, sen boligar, e digo:

Meu encanto, meu encanto,
axúdame no que pido,
quero un vestidiño novo;
damo tí, que és meu amigo
e xa que che quero tanto

e ao día seguinte ou pouco mais, aparez o meu vestido novo, ou o que lle pida —e ríu ditosa.

Ádega chegou á súa casa e púxose á recitare o que Carmeliña lle dixera:

Meu encanto, meu encanto,
axúdame no que pido,
quero un vestidiño novo;
damo ti, que és meu amigo
e xa que che quero tanto

mais o vestido novo non apareceu, e tivo que seguir poñendo o seu vestido vello, xa moi enxovallado.

—Ti sempre andas fermosa e resprandecente coma un sol —dícialle á Carmeliña.

—Débollo todo ao meu encanto —retrucaba ela.

Ata que un día, non podendo mais, Ádega preguntoulle:

—Pero ¿cómo é o teu encanto? ¿cómo te fixeches amiga del?

Carmeliña botouse á rír —¿Quérelo coñecer?
¿queres velo?

—Si, quero. Eu tamén quixera ter un encanto que me dera cousas.

—Pois vai mañán ás nove á miña casa.

—¿Tan cedo? Eu ás nove inda estou na cama.

—Pois madruga mais. Os encantos veñen cedo sempre.

—Madrugaréi. Quero ver ese encanto como é.

E pediulle á nai que a chamara cedo. Ergueuse e foi ás nove da mañán á casa da sua amiga. Xa na porta ouvíu que Carmeliña cantaba ledamente:

Meu encanto, meu encanto,
axúdame no que pido,
quero lavar esta roupa;
faino ti, que és meu amigo
e xa que che quero tanto.

Moi á modiño, por medo de espaxotar o encanto,
Ádega foise achegando á cocíña; alucóu pol-a porta e viu...

Víu a sua amiga, arremangada de brazos, diante dunha tina chea de auga e lavando a roupa, leda, satisfeita, cantando coma unha risada a sua invocazón.

—¿E o encanto? ¿ulo? —preguntou Ádega.

—Éche este —díxolle Carmeliña. Érgome cedo e traballo á cantar. Pásase ben o tempo e acádanse as cousas todas.

Dende aquela as dúas amigas, gracias ao seu *encanto*, andaban limpas, e inda algunhas veces poñíanse á moda con escarpíns ou cazadoras que elas mesmas facían como enredando, á cantar ledamente.

E colorín, colorete; pol-a chimenea arriba vai un foguete.

REFRAN

Madruga e verás;
traballa e terás.